



FIVE DAYS TO DANCE

Unha película de Rafa Molés e Pepe Andreu

SE AS PERSOAS PODEN BAILAR XUNTAS
PODEN VIVIR XUNTAS

CGAC
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
Santiago de Compostela
www.cgac.org

Unha iniciativa de:



Coa colaboración de:



Síguenos:

facebook.com/documentaldelmes

twitter.com/docdelmes

www.eldocumentaldelmes.com

FIVE DAYS TO DANCE

ESPAÑA | 2014 | 77 MIN | VO EN CASTELÁN, INGLÉS, ALEMÁN E VASCO

A HISTORIA



Unha parella de bailaríns aparece unha mañá na aula dun instituto. É luns e anúncianlle a un grupo de adolescentes que teñen cinco días para subirse a un escenario e bailar. Unha semana para cambiar as cousas. Un pequeno prazo pero un gran reto: mover as persoas cando o mundo nos paraliza.

A danza obriga a eses mozos a romper os seus roles xusto no momento das súas vidas no que os roles sociais se están a forxar. O líder deixa de ser o máis admirado, o tímido dá un paso adiante... Bailar obrigaos a tocárense. Comunicanse, iguálanse. Algún non se liberará até o último instante.

Wilfried van Poppel e Amaya Lubeigt son os coreógrafos. El holandés, ela vasca. A danza é a linguaxe común. Non importa o lugar. Cinco días, unha clase de adolescentes, un microcosmos no que sucede un pequeno big-bang.

OS DIRECTORES

Rafa Molés Vilar é xornalista e guionista. En 2012, recibiu o premio de Xornalista do Ano na III Edición dos Premios de Xornalismo da Comunidade Valenciana. É o creador do equipo de investigación de RTV e o autor de dezaioito documentais televisivos.

Pepe Andreu Ibarra é un produtor licenciado en Ciencias da Información, Imaxe Visual e Auditiva. Ten 15 anos de experiencia como produtor televisivo, director de documentais e repoteiro de informativos.



FICHA TÉCNICA

Dirección: Rafa Molés, Pepe Andreu
Producción: Natalia Maestro, José Luis Rubio
Fotografía: José Luis González
Montaxe: Pepe Andreu, Mónica Zamora

Son: José Luis Rubio
Música: Joan Valent, Montefuji
Productoras: SUICafilms, REC grabateka estudioa